PARA MÁIS INFORMACIÓN

# PROGRAMA SÍSIFO

C. Martinez Garrido · 21 Int.
T. 986253176
652993082
Vigo-Pontevedra

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

FUNDACIÓN
ERGUETE-INTEGRACIÓN

## A SIDA NON SE TRANSMITE

- Acariñándose, tocándose, abrazándose, masturbándose, bicándose ou dándose masaxes.
- Mirando, conversando, compartindo momentos agradables, expresando sentimentos e fantaseando.
- A través das picaduras de mosquitos, dentadas ou rabuñaduras de animais.
- Compartindo vasos, cubertos, panos de papel, pratos ou outros utensilios de cociña.
- Compartindo alimentos ou auga.
- Utilizando as mesmas duchas e servizos.
- Cos contactos da vida cotiá.
- Compartindo o lugar de estudo, traballo ou vivenda.
- Compartindo pezas de vestir.
- Nas piscinas e ximnasios.
- Nas relacións sexuais con penetración utilizando métodos de prevención.





LEMBRA NAS TÚAS RELACIÓNS




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

FUNDACIÓN
ERGUETE-INTEGRACIÓN

## QUE DEBEMOS SABER DAS ITS

| INFECCIÓNS | SÍNTOMAS |
|---|---|
| CLAMIDIA | Case ningún en mulleres; ardor, dor e secreción amarelada nos homes. |
| LADILLAS | Comezón e picor forte. |
| HERPES XENITAL | Úlceras / chagas na área xenital que producen dor e picores arredor dos xenitais. |
| CONDILOMAS VENÉREOS | Verrugas avultadas na rexión xenital, aparecen entre un e tres meses despois da infección e poden producir, sobre todo nas mulleres, proido. |
| GONORREA | Afecta sobretodo a uretra, colo uterino, ano e farinxe. Inflamación da uretra, con secreción de pus, proido e dor a ouriñar. |
| HEPATITE B | Pel amarelada, fatiga, malestar, dor nas articulacións, músculos, cabeza. Tamén pode non dar síntomas. |

| INFECCIÓNS | SÍNTOMAS |
|---|---|
| MOLLUSCUM CONTAGIOSUM | Pequenas verrugas arredor da rexión anal ou xenital. |
| ENFERMIDADE INFLAMATORIA (PÉLVICA) SÓ MULLERES | Dor na rexión xenital ou pélvica. |
| SARNA | Manchiñas vermellas en liña cun proido ou irritación cada vez máis intenso. |
| SÍFILE | Chaga na pel sen dor, sarabullo ou úlceras xenitais. Secreción purulenta. |
| INFECCIÓNS VAXINAIS | Secreción pestilente y de cores raros. |
| MONILIASE | Comezón, secreción ou irritación na área xenital, na boca ou na gorxa. |

## LEMBRADE

- Un fluxo de cheiro, cor e cantidade anormal é indicativo de ITS.
- As ITS non sempre presentan síntomas.
- Á menor dúbida de risco acudir ao médico.



## QUE NON PODEMOS ESQUECER DA SIDA

- As relacións sexuais con penetración vaxinal ou anal sen protección son moi arriscadas.
- Aínda que o risco é máis baixo, as relacións boca - sexo poden levar unha posible infección, sobre todo se se inxire o seme.
- Cantas máis relacións sexuais se teñan sen protección máis posibilidades hai de que unha persoa se infecte. Hai que ter presente que unha soa relación sexual sen protección pode transmitir o virus da SIDA.
- O risco é maior se se teñen relacións mentres se sofre algunha outra infección derivada de relacións sexuais, como a gonorrea, sífile, etc ...
- O bico non ten risco de transmitir a infección por VIH/SIDA xa que a saliva, en condicións normais, non infecta. Sería necesario que houbese unha cantidade importante de sangue mesturado coa saliva para que un bico tivese risco de infección.
- Aquelas persoas que, por unha ou outra razón, seguen consumindo drogas inxectadas, deben utilizar sempre xiringas, agullas e outros utensilios novos, e refugalos logo do seu uso. Non compartilos nunca, xa que unha soa vez pode ser suficiente para contraer a infección.
- Outros instrumentos que poidan entrar en contacto co sangue, como os cepillos de dentes, as máquinas de afeitar, as agullas de tatuaxe e pearcing non se deben compartir.

